

VI CERTAME DE MICRORRELATO E FOTOGRAFÍA 'EXERIA'




ORGANIZAN:



IES
Mendiño



COA COLABORACIÓN DE:



VI CERTAME DE MICRORRELATO E FOTOGRAFÍA "EXERIA"

Os Equipos de Dinamización da Lingua Galega do IES Poeta Añón (Outes) e do IES Mendiño, do IES Illa de San Simón e do IES Pedro Florianí (Redondela) convocamos conxuntamente a sexta edición do Certame de microrrelato e fotografía *Exeria*, en honor á primeira escritora galega da que se ten coñecemento.

BASES

1. Quen pode participar?

Todo o alumnado dos catro centros organizadores, de maneira individual e cun único traballo. Establécense catro categorías:

Categoría 1: 1º e 2º de ESO

Categoría 2: 3º e 4º de ESO e FP Básica

Categoría 3: 1º e 2º de Bacharelato e FP Media

Categoría 4: ESA e FP Superior

2. Como deben ser os traballos presentados?

Os traballos deben constar dun microrrelato e dunha fotografía, que estarán relacionados, mais que optarán a premios diferentes. É obrigatorio presentar os dous produtos para poder participar.

A temática proposta para esta sexta edición é **Penélopes contemporáneas**. Escribir microrrelatos sobre o retrato das mulleres maiores, das nosas devanceiras, supón inspirarse en mulleres que tamén viviron a espera, a soidade, o traballo silenciado, os coidados e a resistencia cotiá. Ao igual que Penélope agardou por Ulises vinte anos, amosando valores de bravura, cerebro e unha paciencia infinita, moitas mulleres reais, sen ser mitolóxicas, sostiveron a vida e a memoria das nosas comunidades.

1. Microrrelatos

- Estarán escritos **en lingua galega** e serán orixinais e inéditos.
- Terán unha **extensión máxima de 300 palabras**.
- Enviaranse nun documento .doc ou .odt.

2. Fotografías

- Serán orixinais, inéditas e da propiedade da persoa que concursa; non deben ter dereitos de autoría nin ser obtidas de Internet.
- Poderán ter procesos de editado.
- Enviaranse en formato .jpg ou .png.




3. Como se organiza o concurso?

Haberá dúas fases:

Fase 1 (interna), na que o alumnado enviará os traballos e o xurado de cada centro escollerá os seus finalistas, ata un máximo de 10 por centro.

Fase 2 (intercentros), na que os xurados dos catro centros participantes escollerán de maneira conxunta os gañadores do certame entre todos os traballos finalistas da Fase 1.

4. Cando e como se entregan os traballos?

1. O prazo de presentación será **do 10 de febreiro ao 20 de marzo de 2026**.
2. O envío dos traballos realizarase a través do correo electrónico que indique cada centro  **edlgilladesansimon@gmail.com**
3. Enviaranse dous arquivos nun único correo: o documento co microrrelato e a fotografía.
4. O asunto da mensaxe será: "Exeria_Nome e apelidos da persoa participante".
5. No corpo do correo figurarán os seguintes datos: nome e apelidos da persoa que concursa, pseudónimo, nome do centro desde o que participa e curso.

5. Quen forma parte do xurado?

En cada centro haberá un xurado, que actuará de forma individual na fase interna e de maneira coordinada na fase intercentros. Cada xurado estará composto por tres representantes do profesorado dese centro (un deles, cando menos, do EDLG).

6. Cales son os premios?

Fase 1: as persoas finalistas recibirán un recoñecemento ao seu labor (un pequeno agasallo, a participación nunha saída didáctica etc.). O EDLG de cada centro determinará e responsabilizarase dos agasallos dos seus finalistas.

Fase 2: outorgaranse dous premios por cada categoría: un para o mellor texto e outro para a mellor fotografía.

Se o xurado así o considera, poderase declarar deserto algún dos premios.

7. Cando se resolve o concurso?

O fallo do xurado farase público a través das páxinas web dos centros organizadores nun prazo máximo de dous meses a partir da data de finalización do certame.

8. Difusión dos traballos

Os traballos presentados poderán difundirse a través das páxinas web, blogs, revistas escolares e/ou redes sociais dos catro centros participantes.

